

A AELG pídelles a Ferrín que continúe como presidente e non abandone a Academia

C.V - hai 24 minutos



Cesareo Sánchez Iglesias

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) pídelles a Xosé Luis Méndez Ferrín que siga nas súas funcións e non abandone a Academia.

A AELG solicítalle a Xosé Luis Méndez Ferrín que continúa nas súas funcións como presidente e non abandone a Academia. A Asociación presidida por Cesáreo Sánchez Iglesias “respectando as súas decisións persoais” íntalle, tanto a el como a todos os membros da RAG a pensar “no papel histórico que ten a Academia e que ten que seguir a desenvolver”.

Para a entidade que agrupa aos escritores e escritoras, a marcha de Ferrín significaría “un empobrecemento na pluralidade que é necesario teña a RAG”. Fai por iso un chamamento para que os problemas da Academia “sexan resoltos dentro dos organismos da Academia dialogando, para manter a súa independencia na defensa da nosa cultura e do noso idioma”.

Defenden que a sociedade precisa dunha RAG “que sexa lugar de confluencia e símbolo público de prestixio social e cultural”. Para a AELG, a situación do idioma “non permite ter unha Academia en conflito interno e proxectando unha imaxe pública de descrédito”.